

O COIDADO DA CASA COMÚN

Mans Unidas-Campaña contra a fame é unha Organización Non Governamental de Desenvolvemento, católica e de voluntarios, que traballa polo desenvolvemento dos pobos máis empobrecidos da terra e asume a responsabilidade de fomentar na sociedade española a conciencia do escándalo da fame, a pobreza e as estruturas inxustas que as manteñen.

Porque cremos que a loita contra a pobreza e a fame busca unha vida digna para todos e está directamente relacionada co coidado da creación...

DENUNCIAMOS:

- Que os malos tratos ao planeta -e o cambio climático como un dos seus principais impactos- afecta en maior medida aos pobres.
- Que nestes malos tratos ten un papel predominante o noso desenfreado consumismo que provoca, entre outras consecuencias, a sobreexplotación dos recursos naturais, a deforestación e as distintas formas de contaminación.
- Que a crise ambiental provoca, especialmente entre os máis pobres, unha crise humana de proporcións alarmantes: fame, escaseza de auga, incremento da pobreza ou migracións forzosas por aumentar as inclemencias meteorolóxicas.
- Que para o ano 2050 os impactos do cambio climático serán cada vez maiores en tres rexións densamente poboadas do mundo (África subsahariana, Asia meridional e América Latina), incrementando a pobreza e provocando o desprazamento de máis de 140 millóns de persoas dos seus fogares.



DEMANDAMOS:

- O coidado da «casa común» como condición indispensable para que toda a humanidade poida gozar dun medioambiente óptimo e todas as persoas poidan acceder ao resto de dereitos humanos.
- Unha xustiza climática efectiva que permita apoiar e acompañar ás persoas e aos países máis vulnerables para que poidan afrontar os impactos da crise medio-ambiental, máis aínda cando os máis afectados son os que menos contribuíron a xerar o problema.
- Unha educación que promova unha conciencia ecolóxica para sensibilizar e formar ás sociedades en estilos de vida e consumo máis xustos e sustentables e, ao mesmo tempo, activar lexítimos mecanismos de presión e denuncia para que se impliquen os gobernos na crise ambiental que impide a vida digna das persoas.

QUEREMOS:

- Expressar a nosa solidariedade coas persoas e os pobos empobrecidos que son quen máis sofren as consecuencias dos malos tratos ao planeta.
- Manifestar a nosa convicción de que frear o desastre ambiental é tamén asegurar a nosa propia supervivencia, a de todos sen exclusión, como membros dunha única familia humana e reducir así o número de persoas que sofren a causa da fame.
- Colaborar na creación dunha conciencia responsable que nos axude a superar a cultura do descarte pola que todo -animais, plantas, auga, aire, terra, e mesmo as persoas- pode ser refugado cando non serve aos nosos intereses.
- Compartir as experiencias e iniciativas de cambio que nos transmiten os nosos socios locais e as comunidades ás que representan para lograr un desenvolvemento máis respectuoso co medioambiente.
 - Renovar o noso compromiso coa agricultura familiar, que é a que garante o acceso aos alimentos para máis de dous terzos da humanidade, desde unha perspectiva agrocolóxica.
 - Propor sistemas de produción e consumo sustentables e respectuosos co medioambiente, baseados en modelos agrocolóxicos, mediante un traballo de educación e acompañamento da sociedade civil global.
- Promover iniciativas de xestión integral de recursos naturais: reforestación con especies locais, aproveitamentos forestais ou xestión da auga.
- Comprometernos a cambiar os nosos estilos de vida para facelos máis solidarios e sustentables, reducindo o malgasto até eliminalo.



Debemos tomar, cada persoa segundo as súas circunstancias, decisións valentes que fagan que a nosa pegada persoal debuxe unha nova senda cara a un mundo máis sustentable, porque

QUEN MÁIS SOFRE O MALTRATO AO PLANETA NON ES TI

PROXECTOS ANO 2020 DA DELEGACIÓN DE MANS UNIDAS LUGO

Capacitación agrícola en el municipio hondureño El Triunfo

Localización: Honduras. Municipio de El Triunfo (departamento de Choluteca). Esta zona do sur do país sofre grandes secas e trátase de ladeiras e terreos quebrados. É dicir, os campesiños están moi expostos a condicións de vulnerabilidade xerada polo cambio climático.

Actuación: Capacitación en materia agroalimentaria

Poboación: adícase ao cultivo básico de millo, arroz e outros cereais. A situación da muller é moi precaria: a maioría non rematou a Educación Primaria, adícanse ao coidado da familia, a tarefas domésticas e agrarias.

Beneficiarios: 150 mulleres e as súas familias, procedentes de 5 comunidades do municipio de El Triunfo.

Importe total: 60.000 euros

Mellora da atención sanitaria no Hospital da Misión Católica de Mua

Localización: Diocese de Dezda, Malawi. É unha zona moi pobre, cun índice de desnutrición moi alto, sobre todo infantil. Resulta difícil acceder a servizos básicos de saúde e educación.

Actuación: Debido a que na actualidade as infraestruturas non reúnen os estándares mínimos para ofrecer unha atención de calidade, colaboraráse na reconstrución do Pavillón Xeral de homes e mulleres do Hospital.

Beneficiarios: Cóbrese unha área de influencia de 28 aldeas. Os beneficiarios directos son os pacientes do pavillón xeral, que o ano pasado tivo 1087 pacientes. Beneficiarios indirectos serán 18.115 persoas.

Importe total: 59.944 euros